

Proxecto Educativo Europeo
"WWW.FESTPOP.EDU"

Enquisa para a catalogación das festas populares / Tabulación de respostas

1. Nome da festa

1.1 Orixinal: *Festa do Santo Cristo*

1.2 Traducción: Festa de exaltación da Santa cruz

2. Lugar

2.1 País: España

2.2 Rexión: Galicia

2.3 Localidade: Piñeira (Ribadeo)

3. Tempos

3.1 Data día/mes: 14 de setembro. Algúns anos variou a súa data por razóns diversas (por exemplo, económicas) como en 1999, celebrada o 2 e 3 de outubro.

3.2 Duración: 2 días.

3.3 Horario: Misa e procesión ó medio día, e festa con música á noite. Con antelación, novena.

4. Descrición

4.1 Ocasión/ motivación: Rendirlle culto á Santa Cruz.

4.2 Orixe (festa relixiosa / pagana): Ven de tempos moi lonxanos con advocación mariñeira.

4.3 Ambiente: Xolgorio, agrupación de moita xente.

4.4 Elementos esenciais (s se son esenciais, n se non o son):

ritos relixiosos na eirexa: si. No día santo, a misa solemne ("misa maior") é cantada por un coro.

procesións: si. Despois da misa, celébrase a procesión co noso Santo Cristo vestido co seu mellor traxe e levado por devotos ofrecidos. A procesión chega ata a antiga Capela de S. Blas, acompañada pola orquestra.

participación directa dos presentes: si.

desfile en traxe típico: non.

carrozas: non.

fogos artificiais: si, na noite dos dous días e na procesión.

teatro de rúa: non.

xogos tradicionais: non.

música e baile: non.

banda: non, máis ben orquestra nas dúas noites e amenizando

a sesión vermú no día principal.

grupos espontáneos de músicos: non.

cantos: non.

bailes tradicionais: non.

bailes modernos: os que xurden coa animación da banda.

participación principal (h, homes; m, mulleres; n, nenos; x, xóvenes): a participación é notable, imprescindible e igual en homes e mulleres, rapaces e rapazas, nenos e nenas. Todos colaboran para que a celebración saia ben, e a xente quede agradecida e nos visite o ano próximo. A disposición dos xoves é decisiva para que a festa do noso pobo sobreviva.

venda de produtos artesanais locais: non.

alimentos tradicionais: non.

animais: non.

feira / mercado: non.

outro: A imaxe do Santo Cristo é popular, de época renacentista, e o altar da igrexa ten un retablo barroco. Fánse ofrendas de cera.

5. Informacións útiles

5.1 Para saber máis (Bibliografía, documentos,): Existe un libro que posee o cura no que se fala sobre a festa do Santo Cristo: da súa orixe, das costumes máis antigas e forma que os veciños de Piñeira celebraban esta conmemoración por aquél entón.

5.2 Como se chega: En automóbil, o acceso a Ribadeo pode ser pola N634, se se decide toma-la entrada costeira, ou polo interior. No ferrocarril, deberase toma-la liña Ferrol-Xixón. Estando xa no centro ribadense, tómase a rúa esquerda segures recto arta o segundo desvío esquerdo que se dirixe a Vilasselán e, finalmente, a Piñeira.

5.3 Pode requirirse información a: no Concello de Ribadeo, Casa do Concello, Pza. España, 27700 Ribadeo (Lugo) - España. Tf. 982 128 650 e 982 128 662. Tamén directamente á comisión de festas do ano en que se trate.

Datos recollidos por: Sonia Méndez Díaz


Begoña Machado Prieto

Silvia Cajigal Gómez

Sandra Cajigal Gómez

Suso Novo Molejón

6. Comentario xeral / Aclaracións ós datos antes expostos e outras informacións.



Esceas da festa.

Proxecto Educativo Europeo
"WWW.FESTPOP.EDU"

Enquisa para a catalogación das festas populares / Tabulación de respostas

1. Nome da festa

1.1 Orixinal: *As Cruces*

1.2 Traducción: Festa das Cruces

2. Lugar

2.1 País: España

2.2 Rexión: Galicia

2.3 Localidade: no barrio de A Ponte, parroquia de Arante (Ribadeo)

Hai outra festa de nome e dedicación semellante na Augaxosa (Riotorto), o mesmo día, chamado alí "luns das Pascuillas".

3. Tempos

3.1 Data: Festa móbil, celébrase o luns de Pentecostés. En 1999, o día 24 de maio.

3.2 Duración: un día.

3.3 Horario: Dende as 11:30 da mañá os actos propiamente ditos. Pola tarde, actividades festivas dende as 8 (20h.) ás 4 da madrugada (4 a.m.).

4. Descrición

4.1 Ocasión/ motivación: É un aglutinante de varias festas e rogacións anteriores, realizada por orde do Bispo, na que se mestura ademais o motivo dunha batalla contra as tropas de Napoleón.

4.2 Orixe (festa relixiosa / pagá): relixiosa, se ben mesturada con ritos alleos á relixión.

4.3 Ambiente: romaría (antigamente, con merendas, e na actualidade presente de forma dexenerada)

4.4 Elementos esenciais (s se son esenciais, n se non o son):

ritos relixiosos na igrexa: si. Hai unha misa en honra da Virxe das Virtudes. É tradicional o "poñe-la Santa".

procesións: si. Comézase na aldea próxima de Bestilleiros, de onde parten as enseñas de Arante e Vidal, que parten con música ata chegar á Ponte. As enseñas de Ove, Covelas, Cedofeita, Sante e Balboa esperan do outro lado da ponte sobre o río Grande. Ove atravesa a ponte e entra con Arante e Vidal na ermida para sacar a Virxe das Virtudes e Santiago Cabaleiro. Bandéase o pendón máis pequeno dos presentes por un lugarreño e saúdanse os pendóns e as cruces.. A continuación, a procesión

dá varias voltas arredor da capela, entrando despois nela para ter lugar a misa das Virtudes.

participación directa dos presentes: si. Son os que sacan os santos de procesión, levan as cruces e os pendóns.

desfile en traxe típico: non.

carrozas: non.

fogos artificiais: si. Para anuncia-la festa, e á noite, para dala por rematada.

teatro de rúa: si. Representación do encontro das cruces e dos pendóns.

xogos tradicionais: non

música e baile:

banda: ás veces. Antigamente, sempre. Hai repique de campás mentres se dan as voltas arredor da ermida.

grupos espontáneos de músicos: non. Contrátanse orquestras para escoitar música e bailar.

cantos: si. Na ermida, os correspondentes ó oficio relixioso.

bailes tradicionais: non.

bailes modernos: Os amenizados pola orquestra segundo a moda, bailando cada persoa de xeito libre.

participación principal (h, homes; m, mulleres; n, nenos; x, xoves): todos.

venda de produtos artesanais locais: non.

alimentos tradicionais: non.

animais: non.

feira / mercado: non.

5. Informacións útiles

5.1 Para saber máis (Bibliografía, documentos,): hai dous libros escritos por José María Fernández Fernández, Un co nome de "Las Cruces" e outro co de "Santuario de Nuestra Señora da Ponte", este último de 1986, ambos en castelán. Outro libro é "Cousas de Arante", e por último, o de Blanco Prado, José Manuel, "Exvotos e rituais nos santuarios lucenses", Deputación de Lugo, Lugo 1996.

5.2 Como se chega: Partindo de Ribadeo (43°32'N, 7°02'W), cóllese a estrada que sobe cara a Santa Cruz ou a N634 ata chegar ó empalme correspondente da LU133. Nesta, en sentido Vilamar, despois de pasar Covelas, tómasse a primeira desviación cara á esquerda, ata chegar ó barrio de A Ponte (43°29'50"N, 7°08'30"W)

5.3 Pode requirirse información a: no Concello de Ribadeo, Casa do Concello, Pza. España, 27700 Ribadeo (Lugo) - España. Tf. 982 128 650

e 982 128 662. Tamén directamente á comisión de festas da edición que corresponda.

Datos recollidos por: Natalí Balsa Fernández

6. Comentario xeral / Aclaracións ós datos antes expostos e outras informacións.

Esta festa é a que aparece con maior antigüidade nos documentos parroquiais. É citada por primeira vez no 1667, pero nesta aldea xa había festa dende anos anteriores, porque a orixe da ermida é de entre finais do século XIV e comezos do XV, pero antes da loita foi un Hospital de Peregrinos, como recoñecido así polas organizacións relacionadas co "Camiño de Santiago".

O nome da festa é na actualidade "Festa das Cruces". Esta denominación data de 1809, pero antes desta data existía outra festa que era coñecida polo nome de "Festa da Ponte". Celebrábase esta o 3 de maio e o seu significado foi cambiando co tempo a raíz do enfrontamento na ocupación francesa o 6 de febreiro de 1809 entre as tropas ó mando do Xeneral Fournier e un grupo de veciños de Arante e as parroquias da antiga freguesía das Ribeiras de Sante (antano concello), capitaneados por Díaz de la Rocha e Vicente Lamas, terratenentes que vían como as tropas francesas estaban espoliando os seus feudos

Non consta documentalmente cando se cambiou o 3 de maio polo luns de pentecostés para a celebración da actualmente denominada "Romaxe da festa das Cruces", coa presenza das cruces das parroquias. A cruz de Ove é a primeira en entrar na igrexa, e a idea xeralizada entre os historiadores é que se trata dunha mostra de respecto e de agradecemento das outras parroquias á de Ove, pola deferencia que tivo ó vir axudar na loita, dun xeito decisivo, cando esta non pertencía á diocese de Mondoñedo, xa que se trataba dunha dependencia dunha orde militar, segundo consta en documentos: "el Prior de Ove, de la Inclita y Militar Orden de San Juan de Jerusalem, perteneciente a la encomienda de Portomarín..."

A capela na que se celebran os actos non é parroquial, senón de rogación.

A comisión que organiza a festa está constituída por un grupo de rapaces desta localidade, que na actualidade son: Narciso Gutiérrez, José Vega, Antonio Gutiérrez, Luis Gallo, Jacobo González e Javier González. Estes son os principais organizadores da festa, contando cos pobos dos arredores que dan unha esmola para que esta romaxe se poida facer.

Existe a historia de que un ano non asistiran á festa-romaxe as cruces de Balboa e maila de Ove. Ese mesmo ano houbo unha gran perda nas colleitas e o mal tempo arrasouno todo. Dende esa ocasión, sempre voltaron a asistir á romaxe. A Virxe das Virtudes é avogada contra o pedrazo.

A procesión realízase arredor da ermida (tres voltas) para que a xente que ten ofrendas poida realizalas; todos os anos vén alguén descalzo ou de xeonllos, dan unha volta arredor da ermida, e logo levan a Santa a ombros. As ofrendas que máis abundan son de cartos, e mais de levar a Santa unha volta na procesión.

As esculturas e pinturas son interesantes, pero non estudiadas. As pinturas do presbiterio son medievais e as da nave son frescos exvotos. Temos na ermida algunha pintura antiga, pero debido ó tempo que teñen, están algo deterioradas; temos soamente unha ou dúas mostras destas pinturas. As cruces tamén son mostras de ourivería a observar, destacando a de Balboa.

A Festa da invención da Santa Cruz, que é realmente a orixe da actual festa, é a que aparece con maior antigüidade nos documentos parroquiais, citándose por primeira vez cando a "Confraría do Rosario de Arante", presenta entre os gastos de 1667 os que se orixinan "de la colocación de los penitentes y laboratorio de los que asistieron el día de la Santa Cruz a la procesión a la Puente".

Posteriormente, lese nun documento de finais do século XVIII que... "el día 3 de mayo en que se celebra Nuestra Santa Madre Iglesia la Invección de la Santa Cruz... y acompañar al Cura a la Capilla de Nuestra Señora del Puente, para hacer las rogativas que se practican todos los años..."

É de salientar que cada ano di a misa un cura diferente, é dicir, que o cura de cada parroquia misa un ano; e neste ano no cal estamos (2000) o deber recae en D. Antonio Rúa Saavedra, cura ou párroco das parroquias de Balboa e Arante.

Antoniourua.doc- un anaco de historia sobre As cruces.

Jpg: unha alegoría sobre a festa das cruces e dous momentos volteando os pendóns.

De cruces, pendóns e franceses

Antonio Rúa, Cura de Piñeira

O longo da derradeira década levouse a cabo da man de institucións varias e particulares entusiastas, unha labourea de promoción e divulgación en col do chamado Camino Norte. Esta ruta alternativa como é ben sabido conducía os romeiros a Santiago dende a veciña Asturias.

O camiñante atravesaba as Ribeiras de Sante cara á Serra da Cadeira polo Val e Lindín -tiña un hospital san Tomé e tamén o vello mosteiro dos Benitos- ou ben subía por Cubelas facer pousada na Ponte.

Anécdotas chocantes, tramos esquecidos ou vellos pontigos nos regatos foron sacados a conto en lembranza dun vieiro abandonado había ben anos.

Sen dúbida que foi o paso da Ponte de Arante un hito importante no camiño -tamén nomeado francés en algunhas escrituras- co seu hospital de peregrinos e o san-tuario mariano anexo. Debeu resultar unha pintoresca pousada o complexo capela-albergue, polo ameno do lugar e a vexetación vizosa dos arredores. Dábanse cita de cote nestas pousadas pícaros e santos, de varia procedencia, viaxeiros se cadra algún deles do alén coma aqueles cunqueiranos que tras cruzalo Osar recálaban na pousada da Cruz. Persoaxes enxergados polo melancólico e fantástico Felipe de Amancia, o vello caronte de Pacios. A Ponte ten río. O regato que é mozo, escoa polos arcos de pizarra e pasa lambendo o adro de Nosa Señora. O turreiro ten palco da música e nel antano amenizaba as romaxes a banda de Vidal. Ata a plataforma achegouse o prelado Cuadrillero, viña de Visita e observando o espacio declarouno pouco apto para a gravidade das cerimoniais, por ser lugar frecuentado do gado e que serve para outros actos profanos.

Un ano deu en chover e choveu tanto que medrou o río e a chea barreu a ponte e mailo hospital e levou o manto da Santa que quedou prendido dunha silva perto da fonte de Nosa Señora. A fonte e a Virxe están perfectamente unidas na súa función sanadora-purificadora. Un manantío, a un tiro de pedra da capela, debaixo das silvas, segue a verque-las súas augas ó río do infortunio. En cada santuario, o seu/súa titu-

lar, sempre volta á fonte orixinaria (nalgúns casos unha cova ou un oco improvisado no seo dunha árbore sagrada). No caso da das Virtudes, valeuse naquela ocasión, da tempestade -igoal que o Deus Bíblico, para enviar unha súa prenda á morada primeira.

O solar do hospital aquel, rehegada a terra, ocupouse en ampliá-lo campo da festa detrás da hermita. Alí é onde ano tras ano se bandea o pendón pola testa das Cruces.

A homenaxe, tinguida de certo halo cortés de etiqueta, é presenciada con agrado por centos de fieles. Distribuída a xente ó logo da baranda da ponte, e subida por aqueles poleiros que arrodean o campo, contempla no desfile de insignias dende un tempo extraño onde a mentalidade excesivamente práctica, prescindiu do simbólico, e a distancia que vai entre a Romanización e o ciberespacio.

Olhando para os máis cativos pendentes da festa, cavilaba eu na facilidade coa que se apegan estes eventos á mente fantasiosa dos nenos. Os máis deles tardarán en esquecerse, acubillado coa súa música e as súas cores tan vivas nalgún recuncho do maxín infantil. Son os anos das impresións máis fortes nos que a primavera, as merendas, os animais da casa e máis de fora, a realidade vivida, vai máis ala dunha estación, dun alimento, dun cabalo ou dunha vaca, para converterse en lugares de memoria que volven a través do tempo, evoca-dos ó entrar por unha porta ou ó escoitalo cuco ou mesmo ó ir destapafo testo dunha pota.

Os franceses viñeron despois. Traguían outros pendóns doutro signo ben diferente. O cura de Cubelas queimáronlle a casa. Houbo moita leña polo que se desprende da memoria histórica. Pero os pendóns e mailas cruces xa viñan de vello na Ponte. Viñan dende moitos sitios. En principio, os da anterga Vicaría de Sante. Esta, que era demarcación eclesiástica, collía a Cousela e Vilaousende, Piñeira e Vilaselán. Para rematalo Século das Luces era o vicario o párroco de Piñeira. Xunto del iba queixarse o cura de Santalla cando non lle saían as contas ó dereito (1).

Santalla e Cousela non perseveraron na ofrenda, non obstante ser aquela un puntal forte, sen dúbida decisivo no despexe da escaramuza cos franceses. Presentouse con un grupo armado don Vicente Lamas de Quintalonga, e se cadra movido, non por ningún fervor patriótico senón porque o gabacho andáballo a esquilar as oblatas co gallo do imposto de guerra. O alcalde De la Rocha, movilizou os de Sante.

"Con don Melchor de la Rocha presentáronse os vecinos con galle-

tas, paus de ferro e as mulleres con fouciños."

Na Grande Enciclopedia Galega amósase unha pequena reseña desta persoa, sen dúbida curiosa na historia local.

O cura de Arante cheiroulle a chamusco do lado de Cubelas e non quixo saber nada do conto. Botou a andar. Nos asentamentos de defunción polas baixas que provocaron os enfrontamentos, firman os seus excusadores: por ausencia do párroco Francisco Javier Somoza. Ó millor estaba sobre aviso da sorte que correran as xentes da igrexa en anos próximos pasados co conto da Revolución francesa. Como estaba aínda fresco todo aquilo...

A cousa púxose moi seria. Forster, o inglés, viña á fronte dos da Xunta de Asturias pero non daba chegado. Os do xeneral Fournier daban leña. Ían para Mondoñedo.

O 5 de febreiro librouse a batalla.

6 de febreiro de 1809: Hachouse morto Xosé Fernández, marido de Rosa López de resultas do ataque do día 5 que tiveron os franceses cos españois na Ponte.

Hachouse morto na casa a Xoán Rico, ferido despois do ataque que houbo na Ponte o día 5 cos franceses e españois (...).

Son datos tirados do arquivo.

6 de febreiro: Morreu ferido dos franceses Xoán Gutiérrez, solteiro, administrado dos Santos Sacramentos (...).

O 8 de febreiro enterraron a Simón Amor no chan da capela da Ponte. Non se puido enterrar na parroquial, por non haber quen fose polo cadáver a causa de estaren alí os franceses (2).

O cura Aenlle, párroco de Cubelas, da parte ó bispo dos desagui-sados:

Señor, arderon xuntamente coa casa rectoral todo-los libros desta santa igrexa por obra dos franceses, nosos pérfidos enemigos. Tal feito acaeceu o día 5 de febreiro, no mesmo día en que o Deus dos Exércitos permitiu perdesemo-lo ataque que se deu en N^a S^a da Ponte (3).

Unhos folios máis adiante, de-clara o mesmo crego, despois de reconstruí-las partidas que puido mediante o testimonio dos que había vivos: "Co gallo da invasión dos franceses na derradeira guerra con esta potencia e teren arribado porción de tropa francesa a esta parroquia de Cubelas, despois de que saquearon e roubaron enteiramente a casa rectoral, prendéronlle lume con todo canto había nela. Ata os mesmos libros da igrexa foron consumidos por aquelas voraces chamazas" (4).

Quedou Cubelas sen arquivo, parte ben importante da súa me-

moria histórica adoecéronlla. Viva a Egalité, Liberté e Fraternité. Aínda non sei como non os tentou o demo de ir queimarlle-la igrexa.

Cubelas tamén perdeu algún fe-ligrés:

Fol 31 Vtº. 3 de febreiro: Enterrouse Xosé Díaz do Vilar sen Sacramentos por téreno matado a fusilazos os franceses (...). A continuación, da ampla descripción das exequias.

4 de febreiro: Enterrouse Manuel (...) filio de Carlos, veciño de Axilde que dixeron estaba casado en San Mateo de Vidal de onde era veciño. Morreu de repente por un sablazo dos franceses.

5 de febreiro: Simón Rodríguez, do Ésfolado, morreu repentinamente polos franceses.

5 de febreiro: Mataron os franceses a don Fº Villapol, de Cubelas. O seu cadáver foi enterrado na igrexa de Cedofeita por non colle-ren máis nas de Cubelas, casado con doña Xosefa Pulpeira, da familia dos Pulpeiro de Vitela, nesta parroquia.

Consta algunha partida similar en feligresías limítrofes, anque en menor número, segundo me consta por información do arquivista diocesán, don Xosé María Fernán-dez, a quen lle agradezo ben as facilidades dispensadas para o aco-pio deste material.

Polo tanto, podemos concluir que o eventual invasor tan so veu a tinguir de sangue e bágoas aqueles pendóns que en honor da Virxe das Virtudes viñan ondeando dende séculos atrás polo mes de maio.

Dende aquel ano desafortunado ben puido ser verdade que tomaría a concentración anual un cariz de desagravio e acción de grazas. Anque o testimonio do crego Aenlle é de que a batalla foi librada a favor do invasor.

Quixera atallar con isto a exclusiva ligazón que os medios divulgativos veñen facendo dende hai uns anos entre a cerimonia das insignias e a escaramuza engloba-da dentro da guerra da Independencia.

A procesión das Cruces ten que buscalos seus ancestros na concentración das diversas rogacións que se facían polo ano adiante ó santuario (Invención da Santa Cruz, rogativas, Pascua de Resurrección e Sancti Spíritus...). Estas procesións proliferaban a contra gusto dos Visitadores episcopais, por esta-los camiños intransitables e non se levaron a cabo coa decencia debida.

Nun descargo de contas do ano 1660, os veciños de San Tomé de Lourenzá, gastaron cinco rás e medio daquel tempo en pólvora para levar á procesión de Nª Sª da Ponte nos días previos ó dez de Abril. (4)

Polo tanto naquela data xa está probada a existencia da procesión.

Daquela as inmediacións da ermida debían ofrecer un fermoso panorama enfeitado cun número considerable de insignias coas que como se pode ver concorrian a face-la súa ofrenda dende puntos aínda ben distantes.

Invócase o favor da Virxe das Vir-tudes, cuia advocación ven ó parecer de virtude/poder e non como puidera parecer, de virtude ou virtudes morais, sobre todo na feliz consecución das colleitas. Os desconxuros do pedrazo e da langosta están dende tempos antigos moi unidos a este tipo de procesións. Na parroquia de Balboa-Trabada, apuntan que un ano que deixou de acudir corporativamente ás Cruces apedrou o pan en todo o contorno da parroquia. Estando eu un día a come-la merenda na casa duns meus feligreses, deu en encapotarse o ceo e así deu en tronar e en caer chispas. Entrou a ama cunha candeia acesa e convidounos a que rezásemos todos unha salve á Virxe das Virtudes para que levantara todo aquilo. Algo de ter a Virxe das Virtudes por abogada das colleitas e do tempo favorable para as mesmas, ten que ver co feito de aparecer andando o século dezaseis, "unha imaxe do Noso Señor de retablo estando coas cinco plagas" exposta á veneración nun lugar principal.

Iconografía da Virxe das Virtudes

A imaxe que se venera actual-mente na capela maior do santuario e de factura moderna, das chamadas de bastidor e pouco OU nada ten que ver coas diversas imaxes que se ven nomeadas na documentación a través dos séculos. Despréndese do seu aspecto que a tipoloxía primitiva, medieval ou renacentista foi sufrindo diversas adaptacións, efectuadas para poder lucir os ornamentos cos que decote se vía agasallada polos seus devotos. Diversos inventarios fálannos de dúas ou máis imaxes de diversos tamaños a un tempo no retablo. Dúas de bulto cos seus nenos no colo coa súa poma na man -unha grande e outra pequena-.

Había outra imaxe de Nª Sª pintada nun lenzo con unha nao e san Pedro. Outra pintada tamén nunha superficie coa Virxe e os Reis Magos, de longa tradición na espiritualidade galega e de posible ascendencia goticista. Non se conservan. A ligazón dos santuarios marianos co mar e as súas xentes non deixa de ser un lugar común en todo o litoral, incluso coma neste caso cando se trata dunha capela situada cara ó interior. Estamos aínda lonxe da popular veneración mariñeira pola V. do Carme. Esta virá da man dos cro-mos ou láminas divulgadas ó longo do século XIX socorrendo as Animas de entre as chamas do Purgatorio. Naquelas chamas as xentes do mar vían as ondas dun mar bravo de onde eran quitados os naufragos. Aquí pódese ver como unha advocación nova -cun

senso novo-veu a substituír outras de maior raigame apotropaica na nosa costa como son, Nª Sª de Vilaselán, as Virtudes ou mesmo San Pedro.

Polo tanto parece ser que o único que permaneceu na imaxe que hoxe conocemos e que puidera conservar algún rasgo das súas características primitivas, son as mans -substituídas tamén a pasada década-. Conservouse o detalle da poma periforme unida a unha das mans. Esta perdeu o seu senso de froito da Redención ó ser despoxada do Neno a Virxe. O seren refeitas as mans, a poma quedou convertida nun insultante pemento roxo.

A cabeza tamén foi substituída po-la actual de rasgos máis naturais anque pouco ou nada ten que ver xa coa firmeza de rasgos que se conserva nas primitivas.

Recentemente e debido as restauracións efectuadas nos muros a iconografía mariana viuse cumprimentada por unha representación a xeito de ofrenda. Amosa os misterios da Inmaculada Concepción, a Coroación de Nª Sª e un pranto sobre Cristo morto. Preséntanse nun panel dividido por baquetós, de grande formato anque o seu estilo está inscrito nun primitivismo arcaizante. O seu mecenas, segundo reza nunha cartela adiacente: Don Pe-dro Pardo de Aguir, señor do coto de Samarugo.

O exvoto mariño

No penal da nave, polo lado da Epístola, apareceu tra-la derradeira restauración efectuada na capela un extraordinario exvoto polo seu tamaño e polo soporte empregado. Testimonio éste do agradecemento dun mariñeiro que se viu apretado entremedio das ondas. A cartela inferior reza deste xeito. E voume pouco a pouco, pois non está moi doado de ler:

Domingo de Carranza e Aguir, capitán da infantería española (...) estivo nesta igrexa de Nosa Señora das Virtudes no ano 1594. No mesmo ano embarcou para as Indias nunha nave (...) Catalina (...) por capitán ó ano seguinte de 1595 en Ca-vo de San Antón (...) e deulle unha tan recia tormenta de furacán e Norte que partiu as dúas árbores, o maior (...) e (trinou) o (...) a nave coas belas lacias (...) caeu ó mar e véndose en tan grande peligro de morte encomendouse á Virxen Santa María nesta Santa Casa e despois milagrosamente estando afundidos ven (bó) tempo eo mar en bonanza e dalí a nove días despois do trebón andivo máis de duascenas sesenta leguas asta (...) estimaba que era cousa imposible de poder (...) catro (...) que se non fose por milagre tan (...) daquela cidade foi manifesto a todos e saíron en procesión co Santísimo Sacramento (...)

Don Gonzalo de Amoeiro e Candía, chantre e Coengo (...) de Mondoñedo (...) a nao un vestido de carmesí, unha lámpara de prata e unha arroba de aceite a Nosa Señora (...) en loubanza e gloria de deus e da sua Santísima Nai. Santa María das Virtudes. Ano Domini 1606.

E paso a describi-la ilustración que está na liña dos exvotos mariños. Non se conservan casi exemplares desta época, e menos pintados ó fresco ó longo dunha parede.

Nos extremos dúas vilas fortificadas amosan as súas torres tra-las murallas a rente do salgueiro. A que poñen como punto de saída despi-de unha carabela con tódolos seus aparellos coas velas infladas e unha bandeira desplegada a popa. Vai navegando sobre ondas ben trazadas. A vila ten un forte con torre redonda no cabo e bocas de caños saíndo polas saeteiras cara o mar. Do mesmo forte baixa un carreiro trazado por entre as penas. A vila que aparece ó outro extremo pechando a composición foi identificada por unha grafía que se amosa ilexible en fronte dun dos seus baluartes. Edificada enriba do acantilado, aduviase cun continxente de persoas que saen das murallas para recibir a unha nave desarbolada que perdeu os seus aparellos no mar. Parte dos paus rotos e as velas amósanse ciscados tra-la carabela ou galeón por entre as ondas. Vai cargada de xente. Na beiramar vese un clérigo revestido de pelliz que parece portar un manual e outro obxecto non identificado. Á súa veira un acólito con cruz alzada e unha persoaxe de xeonilos coas mans dereitas. Tra-lo crego cinco paisanos con bombachos e xubóns ó uso, algúns co chapeu na man. Tras deles dúas donas, unha parece levar un neno ó cabaliño. Dende a muralla outra persoa fai acenos coas mans cara á nave aue se achega. Isto é o que con sorpresa e atención puiden endelgar. Noraboa polo achádego ós vecinos da Ponte e ós amantes destas curiosidades.

Tipoloxía das cruces

Vense un día para mín un pillabán dun meu feligrés que me bota unha man por alí cando pode e que estaba a ollar para a cruz boa posta na igrexa e díxome el: - ¿A mellor de cantas van aló aquel día é a nosa, ou non, señor cura? E díxenlle eu: -De momento, a máis bonita non o sei, a máis pesada é a que Deus me deu a mín contigo que canto eu compoño vesmo ti descompoñendo tras mín. E díxenllo de broma, non sei o que entendeu porque cada un entende á súa maneira.

Con unhas cantas visitas e no que puiden endelgar e entendo, a millor das sete cruces é a de Balboa, e despois a de Cedofeita e a de Sante, por esta orde.

A de Obe é sinxela, posiblemente do XVII, con macolla periforme e cuadrón calado á xeito de potencias. Loce tra-lo atleta un medallón coa cruz dos cabaleiros de S. Xoan de Xerusalén en relevo dorado. Como representantes do comendador de S. Xoan de Portomarín, pola súa dignidade, pasaban diante e cruzan a ponte diante das outras insignias.

A de Vidal é Neoclásica e a de Cubelas pode que sexa do taller compostelán dos Piedra (s. XVIII).

A Cruz de Sante é a de maior tamaño, pero é de factura popular, saída posiblemente dun taller local (Mondoñedo ou Viveiro). Cuadrón central decorado con un INRI; por un lado amosa a Cristo e polo reverso o patrón, S. Xulián, con casaca francesa e mosquetón. Con remates atrebolados con realces a xeito de espellos. Amosa unha inscrición ou acróstico na macolla.

A cruz de Cedofeita é unha cruz grega de factura noble e decoración miuda. Remates atrebolados con catro resaltes circulares nos intermedios e plaíon central cuadrado con dous astros referentes ó eclipse que relata o texto bíblico e que enmarcan a figura de Cristo. Os remates exteriores dos brazos acubillan medallas sobredoradas cos Evanxelistas e os Pais da Igrexa distribuídos no anverso e reverso. Os relevos son dignos dun Becerra ou dun Juni.

Na imaxinación popular convertidas en onzas de ouro, pois mais ou menos son dese tamaño. A macolla é simétrica e bulbosa, pode estar a cabalo entre o XVI e XVII. Amosa polo reverso a figura da titular, Sta. María Madalena.

A Cruz de Balboa é unha peza áulica. De factura impecable. Cruz latina, algo mais longa que a de Cedofeita. Vai decorada con espellos e grutescos. Cuadrón central circular. Amosa un atleta de estética manie-rista e unha purísima cos sinais do Apocalipse. Os remates exteriores van trebolados con torniños nos tres extremos. A macolla é longa e elegante. Está dividida en dous corpos e unha base a xeito de dobre prato. O corpo superior divídese en cuarteles mediante gallóns de factura renacentista. Cruz e macolla van uni-das por un dispositivo de encaixe con seguro de cadeña.

Esta cruz sufriu recentemente unha restauración importante, que lle afectou á alma interior de madeira, remates e parte da chapa. Froito dun accidente sufrido ó caer dende o pico dunha caballería ó chan cando o seu portador se dirixía á romaxe da Ponte.

Toda estas pezas teñen unha alma ou forma de madeira sobre a que

van disposta-las planchas metálicas e supoñen en case tódolos casos un pequeno tesouro gardado con celo por cada unha das parroquias. A cruz procesional considérase a insignia identificativa por excelencia de cada comunidade e en tempos pasados o feito de entrar nun sitio coa cruz alzada supuña unha toma de posesión ou ía revestido dunhos poderes concretos que en ocasións chegaron a suponer importantes malleiras de paus entre grupos diferentes de portadores.

As partes máis nobles adoitábanse sobredorar e nos máis dos casos consta pola inscrición a súa data ou donante e tamén a titularidade, sendo pouco frecuente topar, alomenos a nivel local, marcas dalgún taller ou obradoiro concreto.

Actualmente e no acordos dos de máis idade, asisten con cruz e pendón á Ponte as parroquias de Arante, Vidal, Cubelas, Cedofeita, Obe, Balboa e Sante. Preséntanse por ambos lados da Ponte nunha orde establecida. Preceden a Procesión coas imaxes e levan a cabo as reverencias acordadas.

- (1) Libro memorial da Parroquia de Sta. Eulalia de Vilaosende. composto por don Manuel Antonio Miramontes, Pbr^o.
- (2) Libro de mortos de Arante. Fol 183vto.
- (3) Libro I de bautizados de Cubelas. Fol 1.
- (4) Libro I de fábrica Sto. Tomé de Lourenzá

